

CONVENIO

Madrid, 26 de setembro de 2002

REUNIDOS

Dunha parte, o Excmo. Sr. D. Francisco José Hernando Santiago, presidente do Tribunal Supremo e do Consello Xeral do Poder Xudicial, en representación do Consello Xeral do Poder Xudicial, de conformidade co acordo plenario de data 5 de xuño de 2002.

Doutra parte, o Excmo. Sr. D. José María Michavila Núñez, ministro de Xustiza, en representación do Ministerio de Xustiza.

E doutra parte, o Excmo. Sr. D. Eduardo Zaplana Hernández-Soro, ministro de Traballo e Asuntos Sociais, en representación do Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais

EXPOÑEN

I) A violencia doméstica constitúe un dos problemas máis acuciantes da sociedade actual. Neste sentido, as cifras demostran que a violencia doméstica segue moi arraigada e que o número de vítimas mortais como consecuencia dela non se reduce, aínda que as denuncias por malos tratos aumenten.

II) O grave problema da violencia doméstica motivou que o Pleno do Consello Xeral do Poder Xudicial, na súa reunión do día 21 de marzo de 2001, aprobase a *“Guía práctica de actuación contra a violencia doméstica”*, onde se recollían de maneira sistematizada os criterios de actuación xurisdiccional previstos na lexislación vixente, co fin de potenciar a eficacia dos órganos xurisdiccionais nesta materia, partindo do respecto á plena independencia dos ditos órganos para exercer a súa función dentro do marco previsto na Constitución e nas leis.

III) O Consello de Ministros, na súa reunión do día 11 de maio de 2001, aprobou o *“II Plan de acción contra a violencia doméstica”*, cunha vixencia ata o ano 2004. No referido plan, e dentro da súa área de actuación 2ª, relativa a “medidas legislativas e procedementais”, contéplase co ordinal 10 a seguinte: *“Propoñer e colaborar co Consello Xeral do Poder Xudicial para realizar un seguimento dos procesos iniciados por malos tratos e das sentenzas ditadas polos tribunais desde a aprobación das modificacións do Código Penal e da Lei de axuizamento criminal”*.

IV) O Instituto da Muller é o organismo da Administración Xeral do Estado que ten asignada a competencia de impulsar e coordinar as actuacións previstas no Plan de acción contra a violencia doméstica. O Consello Xeral do Poder Xudicial, se ben non interviu na elaboración do Plan de acción contra a violencia doméstica, asume e fai súa a proposta transcrita no expoñente que precede.

Recoñecéndose as partes intervintes a capacidade suficiente para subscribir o presente convenio,

ACORDAN

PRIMEIRO.- Constitúe o obxecto do presente convenio a colaboración mutua para os efectos establecidos no expoñente III), acordándose que o seguimento dos procesos e sentenzas a que se refire o dito expoñente debe arrancar desde a entrada en vigor da Lei orgánica 14/1999, do 9 de xuño, de modificación do Código Penal e da Lei de axuizamento criminal en materia de protección de vítimas de malos tratos.

SEGUNDO.- Para os efectos expostos constitúese unha comisión que, coa denominación de “Observatorio sobre a violencia doméstica”, estará integrada da seguinte maneira:

- O Presidente do Consello Xeral do Poder Xudicial, que exercerá a presidencia da comisión.

- O ministro de Xustiza.

- O Ministro de Traballo e Asuntos Sociais.

- Dous vogais do Consello Xeral do Poder Xudicial.

O presidente do Consello Xeral do Poder Xudicial poderá delegar a súa asistencia á comisión no vogal do Consello Xeral do Poder Xudicial que designe, sen prexuízo da asistencia dos outros dous vogais do Consello que a integran.

No caso de inasistencia do presidente, a presidencia da Comisión será exercida polo membro dela que o presidente designe.

Os ministros de Xustiza e de Traballo e Asuntos Sociais poderán delegar a súa asistencia á Comisión en titulares de cargos dos seus respectivos departamentos con rango, cando menos, de director xeral.

Exercerá as funcións propias da secretaría da comisión, con voz pero sen voto, un letrado do Consello Xeral do Poder Xudicial.

O funcionamento da comisión axustarase ás previsións que, respecto dos órganos colexiados, se conteñen na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

A sede da comisión será a do Consello Xeral do Poder Xudicial e as súas reunións terán unha periodicidade, cando menos, bimestral.

TERCEIRO.- Ás reunións do Observatorio poderán incorporarse, con voz pero sen voto, cando a maioría dos seus membros o estime conveniente:

- Un ou máis membros da carreira xudicial, dos que necesariamente un deberá ser maxistrado do Tribunal Supremo, designados polo Pleno do Consello Xeral do Poder Xudicial ou, se é o caso, polo seu presidente con posterior ratificación polo Pleno.
- Un fiscal, designado polo Fiscal Xeral do Estado.
- Un avogado, designado polo Consello Xeral da Avogacía Española.
- Unha persoa representante do Instituto da Muller.
- Un representante do colectivo de asociacións de persoas afectadas pola violencia doméstica designada por aquelas ou, se é o caso, polo Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais.
- Outras persoas físicas ou representantes de persoas xurídicas, en especial do colectivo de mulleres maltratadas, cuxa asistencia ás reunións da comisión se estime conveniente.

CUARTO.- O Observatorio a que se refire a cláusula segunda terá como fins os seguintes:

- a) Recibir cantas resolucións xudiciais sexan ditadas polos xulgados e tribunais en asuntos relativos á violencia doméstica, que se cursarán ao Observatorio a través do Centro de Documentación Xudicial (CENDOX).
- b) Analizar as resolucións xudiciais que nos referidos procesos se ditén.
- c) Elaborar, á vista do seguimento dos procesos relativos á violencia doméstica e do exame das resolucións xudiciais que nesta materia se ditén, as correspondentes propostas de actuación, incluídas as suxestións legislativas que se estimen convenientes, que se dirixirán aos órganos competentes por razón da materia.
- d) O seguimento da aplicación e, se é o caso, a actualización da Guía práctica de actuación contra a violencia doméstica reseñada no expoñente II) deste convenio.

- e) Establecer criterios para que a estatística xudicial permita facer un seguimento dos procesos relacionados con esta materia.
- f) Propoñer cursos de especialización en materia de violencia doméstica dirixidos principalmente aos membros da carreira xudicial e fiscal e demais persoal ao servizo da Administración de Xustiza, intervindo mediante as suxestións oportunas na configuración do contido dos ditos cursos.
- g) Analizar, impulsando se é o caso a realización dos correspondentes estudos e enquisas, a realidade sociolóxica do fenómeno da violencia doméstica. A difusión dos seus resultados poderá realizarse mediante edicións en colaboración dos organismos asinantes cando resulten de interese para eles.
- h) Estudar a conveniencia de que o Consello Xeral do Poder Judicial exerza, se é o caso, a competencia prevista no artigo 98.1 da LOPX, co fin de que determinados xulgados asuman con carácter exclusivo o coñecemento dos asuntos que versen sobre violencia doméstica.
- i) Informar sobre o contido de convenios e protocolos que en materia de violencia doméstica subscriban as institucións asinantes.
- j) Conseguir dos xulgados, tribunais e órganos de goberno do poder xudicial información sobre as medidas adoptadas no curso dos procedementos sobre violencia doméstica.
- k) Facilitar anualmente ao Observatorio de Igualdade entre Mulleres e Homes do Instituto da Muller información sobre as actuacións realizadas.

QUINTO.- O Consello Xeral do Poder Xudicial, a través do Centro de Documentación Xudicial (CENDOX), subministrará ao Observatorio sobre a Violencia Doméstica copias de cantas resolucións xudiciais obren no seu poder recaídas no período a que se refire a cláusula primeira e daquelas outras que no sucesivo reciba. As resolucións citadas subministraranse respectando a normativa sobre protección de datos de carácter persoal.

SEXTO.- O presente convenio terá vixencia indefinida, se ben calquera das partes asinantes poderá denunciálo con, cando menos, unha antelación de dous meses, sen prexuízo da finalización daquelas actividades que se acordasen ao seu amparo, salvo que outra cosa se decida de común acordo.

E en proba de conformidade, asinan o presente convenio por triplicado exemplar no lugar e na data indicados.